



Servizo de Persoal

Anotada en el Libro de Resoluciones de
la Junta de Gobierno Local,
con el núm: RES/AYT/15395/2018
10/10/2018
El Oficial Mayor *J. O. M.*

Asunto: Adaptación da lista de agarda de coordinador/a para a execución do "Programa temporal de apoio ao plan de acceso a un hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da Coruña", á Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino.

RESOLUCIÓN

1. Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 01 de setembro de 2016, resolveuse, entre outros, o seguinte:

Autorizar o nomeamento, como persoal funcionario interino, para a execución do "Programa temporal de apoio ao plan de acceso a un hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da Coruña", do seguinte persoal:

- 1 coordinador/a
- 1 técnico/a superior de servizos sociais
- 1 técnico/a superior de urbanismo
- 4 traballadores/as sociais
- 2 orientadores/as laborais

A duración do devandito programa de carácter temporal o será de tres anos. A continuidade do proxecto nos exercicios 2017, 2018 e 2019 quedará condicionada á consignación do crédito correspondente en cada un dos devanditos exercicios.

Ademais, na citada Resolución acordábase que para a selección do coordinador realizaríase unha convocatoria pública mediante anuncio na páxina web municipal (www.coruna.es) e no Boletín Oficial da Provincia (BOP), para o que se aprobaron as correspondentes bases.

2. Con data 17 de febreiro de 2017, a Secretaria do Tribunal xulgador do proceso selectivo dun coordinador a execución do "Programa temporal de apoio ao plan de acceso a un hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da Coruña", publicou un anuncio coas cualificacións finais que obtiveron os aspirantes que superaron ese proceso.

As cualificacións finais foron as seguintes:

Aspirantes	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	TOTAL
LOUZAO PERNAS, Mª DE LA CRUZ	50,69	31,87	17,00	99,56
GONZALEZ BLANCO, Mª ISABEL	44,71	30,60	13,00	88,31
CASTAÑÓN BLAS, Mª ASUNCIÓN	45,37	26,51	15,00	86,88
FIGUEROA NUÑEZ, BEATRIZ	40,02	30,10	15,00	85,12

Ademais das cualificacións finais citadas, o Tribunal propuxo a Mª de la Cruz Louzao Pernas para a praza de coordinadora do programa para a execución do "Programa temporal de apoio ao plan de acceso a un hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da Coruña".

3. Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración, de data 24 de febreiro de 2017, resolveuse, entre outros, o seguinte:

1.- Nomear Coordinadora, funcionaria interina, a Dª MARIA DE LA CRUZ LOUZAO PERNAS (DNI 44807853N) para a execución do "Programa temporal de apoio ao plan de acceso a un hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da Coruña".



A duración do devandito programa de carácter temporal o será de tres anos. A continuidade do proxecto nos exercicios 2017, 2018 e 2019 quedará condicionada á consignación do crédito correspondente en cada un dos devanditos exercicios. Este proxecto iniciouse con data 04/10/2016.

4. Con data 07 de xullo de 2017, aprobouse a Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña.

No artigo 9.1 desta Instrución establécese que as listas de agarda aprobadas con anterioridade á data de publicación da presente instrución conservarán a súa validez e eficacia e pasarán a rexerse conforme ao disposto na mesma.

5. Tendo en conta o exposto, procede realizar a adaptación da lista de agarda de coordinador/a para a execución do "Programa temporal de apoio ao plan de acceso a un hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da Coruña", á Instrución 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Orde	Apellidos e nome	1º exerc	2º exerc	3º exerc	total	situación
1	LOUZAO PERNAS, Mª CRUZ	50,69	31,87	17,00	99,56	Nomeada interina de proxecto, Inicio 03/03/17, Fin 03/10/19
2	GONZALEZ BLANCO, Mª ISABEL	44,71	30,60	13,00	88,31	
3	CASTAÑON BLAS, Mª ASUNCIÓN	45,37	26,51	15,00	86,88	
4	FIGUEROA NUÑEZ, BEATRIZ	40,02	30,10	15,00	85,12	

6. O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017 (BOP de data 13/07/2017), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal á Concelleira delegada de Facenda e Administración.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Persoal; a Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

Adaptar a lista de agarda de coordinador/a para a execución do "Programa temporal de apoio ao plan de acceso a un hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da Coruña", á Instrución 4/17, polo que dita lista de agarda queda da seguinte forma:

Orde	Apellidos e nome	1º exerc	2º exerc	3º exerc	total	situación
1	LOUZAO PERNAS, Mª CRUZ	50,69	31,87	17,00	99,56	Nomeada interina de proxecto, Inicio 03/03/17, Fin 03/10/19
2	GONZALEZ BLANCO, Mª ISABEL	44,71	30,60	13,00	88,31	
3	CASTAÑON BLAS, Mª ASUNCIÓN	45,37	26,51	15,00	86,88	
4	FIGUEROA NUÑEZ, BEATRIZ	40,02	30,10	15,00	85,12	

A Coruña, 27 de setembro de 2018
A Xunta de Goberno Local, P.D.
A Concelleira delegada de Facenda e Administración

María Eugenia Vieito Blanco